



DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter nominativo a conceder á Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en Gastos de funcionamento e actividades, polo importe de 15.000,00 €, co pagamento anticipado do 80% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 12.000,00 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Servizo de Cultura, e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.

O devandito texto do convenio tipo de subvención nominativa máis os seus anexos, unha vez informado pola Secretaría Xeral, foi aprobado por esta Deputación mediante resolución da Presidencia de data 6 de marzo de 2019, e modificado con datas 21 de marzo e 25 de xuño de 2019.

2. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de tal, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

3. Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Servizo de Cultura, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

No Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019 se recolle unha subvención nominativa a favor de Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, por importe de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48900 en concepto de gastos derivados da actividade/actuación “Gastos de funcionamento e actividades”

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación que se refire á colaboración co beneficiario para “Gastos de funcionamento e actividades”. Esta finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de 8 de febreiro de 2019.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1. Outorgar a subvención directa nominativa, por importe de 15.000,00 €, a favor da entidade Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego para sufragar gastos derivados da actuación “Gastos de funcionamento e actividades”, subvención incluída na liña 5.2.a), que leva por título “Cultura” (subvencións directas nominativas) da Área de Turismo e Cultura, Servizo de Cultura, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

Código Seguro de Verificación	IV6RYTJ4DT4J6XBLQNHCGYLXBY	Fecha	11/12/2019 14:32:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÒN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6RYTJ4DT4J6XBLQNHCGYLXBY	Página	1/2



2. Aprobar o gasto de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, para sufragar gastos derivados da actuación "Gastos de funcionamento e actividades".

3. Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Servizo de Cultura, e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.

4. Aprobar a concesión do anticipo con dispensa de garantía do 80% do importe da subvención, o que supón unha contía de 12.000,00 €.

5. Propoñer o pagamento do antedito anticipo, con dispensa de garantía, unha vez suscrito o convenio a través do que se instrumenta esta subvención e que conste no expediente a documentación establecida no mesmo, en relación coa tramitación do citado anticipo."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO PROVINCIAL,

A SECRETARIA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

Código Seguro de Verificación	IV6RYTJ4DT4J6XBLQNHCGYLXBY	Fecha	11/12/2019 14:32:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6RYTJ4DT4J6XBLQNHCGYLXBY	Página	2/2

